



Pontevedra, 15 de decembro de 2015

PLAN ESTRATÉXICO 2016-2017

ASOCIACIÓN GALEGA DE REPORTEIROS SOLIDARIOS

AGARESO

ASOCIACIÓN ONG DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO GALEGA DE REPORTEIROS SOLIDARIOS (AGARESO)

SOPORTALES FERRERÍA 2 1º LOCAL 102, 36002 PONTEVEDRA (Pontevedra)
NIF: G36589844 Rexistro Central de Asociacións número: 2008/011954-1 (SC)

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN-----PAG.3

Prioridades xeográficas-----PAG.4

Prioridades transversais-----PAG.4

PLAN ESTRATÉXICO AGARESO 2012-2013

ÁMBITOS DE ACTUACIÓN

1. Comunicación para o desenvolvemento-----PAG.5

2. Sensibilización-----PAG.5

3. Educación para o desenvolvemento-----PAG.8

4. Cooperación para o desenvolvemento-----PAG.10

ÁREA DE ORGANIZACIÓN

1. Pulo ao financiamento-----PAG.11

2. Profesionalización da área de xestión-----PAG.12

3. Incremento e promoción da rede de voluntarios/as-----PAG.13

4. Responsabilidade de cumprimento-----PAG 14

INTRODUCCIÓN

A Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (Agareso) é unha organización sen ánimo de lucro para o desenvolvemento, apartidista e laica formada por un colectivo de profesionais do mundo da comunicación en Galicia e o Estado que están comprometidos co uso das ferramentas de comunicación para apoiar o desenvolvemento dos países do Sur e para contribuír á creación dunha cidadanía máis crítica.

Agareso intenta impulsar a conciencia solidaria da sociedade galega mediante unha interactividade e un traballo en rede que permita achegar os proxectos de acción social, solidariedade, cooperación e comunicación para o desenvolvemento realizados tanto en Galicia coma no exterior á opinión pública.

En decembro de 2015 suma ao redor de 131 voluntarios/as, dos que 31 son tamén socios/as.

Agareso ten tres obxectivos fundamentais:

- Servir de amplificador social ao traballo que en materia de acción social, solidariedade , cooperación e comunicación para o desenvolvemento realizado por diversas entidades. Ademais, búscase xerar vínculos e alianzas con outras organizacións do mesmo ámbito de actuación, co obxectivo de crear redes, optimizar recursos e xerar sinerxías.
- Diseñar e executar programas e proxectos de comunicación para o desenvolvemento coa finalidade de achegar coñecemento e habilidades na transmisión correcta de información en sociedades, comunidades e colectivos desfavorecidos.
- Contribuír na formación de habilidades comunicativas e de análise de mensaxes da infancia e da adolescencia a través de proxectos de comunicación e educación para o desenvolvemento
- Contribuír na formación do sector xornalístico galego en temas de comunicación para o cambio social

O presente plan estratéxico enmárcase nos obxectivos da cooperación española e galega, tanto no relativo ás prioridades xeográficas como transversais de actuación. Asemade, damos cumprimento á lexislación de aplicación vixente de voluntariado.

Prioridades xeográficas de Agareso

Agareso centrará os seus programas de cooperación, comunicación e educación para o desenvolvemento nalgunhas das áreas xeográficas consideradas prioritarias polo III Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2015-2016, xa que polo noso tamaño e capacidades de xestión somos conscientes de que non podemos abarcar máis territorios.

- Latinoamérica: Honduras, Nicaragua, O Salvador, Guatemala, República Dominicana
- Magreb: Marrocos e poboación Saharaí.
- Galicia e España

Prioridades Transversais de Agareso

Agareso centrará os seus programas e proxectos de acción social, solidariedade, cooperación:

- A loita contra a pobreza.
- Igualdade de xénero.
- A defensa da sostenibilidade ambiental.
- O respecto polos dereitos humanos.
- A defensa da interculturalidade
- A loita contra a desigualdade

ÁMBITOS DE ACTUACIÓN

Ámbito	Obxectivo específico	Resultados	Indicadores
Comunicación para o desenvolvemento	Recoñecemento por parte dos axentes de cooperación e pola sociedade galega da comunicación para o desenvolvemento como instrumento para a loita contra as desigualdades e para acadar o desenvolvemento das sociedades.	Crear na Coordinadora Galega de ONGD a Comisión de Comunicación para o Desenvolvemento	Creada a Comisión de Comunicación para o Desenvolvemento
			Logrado que polo menos 3 organización galega inclúan as ferramentas de comunicación para o desenvolvemento nos seus proxectos de Cooperación e de EpD.
	Participar en publicación sobre CpD e producir materiais propios para a difusión entre o noso voluntariado e o colectivo de xornalistas galegos/as	Publicar unha guía básica sobre CpD e participar en publicacións especializadas	Aportado contido específico sobre CpD a publicacións académicas
			Guía Publicada
	Incluír o concepto de CpD en tódalas estratexias que emanen da Xunta de Galicia	A Estratexia de EpD e o Plan Director de Cooperación inclúen o concepto de CpD	Incluído o concepto no propio título da Estratexia de EpD 2016
			Incluído no III Plan Director o concepto de CpD
	Buscar socios estratéxicos que traballen o tema de CpD	Traballar de forma conxunta con entidades doutras rexións do Estado e doutros países Latinoamericanos especialistas en CpD	Asinado convenio coa Fundación Comunicándonos de Centroamérica
			Establecido contacto con Zemos98
Crear redes e alianzas con outras ONG, institucións e medios de comunicación de	Realizar traballos en colaboración con outras ONG, medios e institucións.	Asinados de 3 novos convenios.	

Ámbito	Obxectivo específico	Resultados	Indicadores
	temática social, contribuíndo a fomentar o sector da cooperación e a solidariedade.	Organizar xunta a CGONGD os premios Luceira de Xornalismo alternativo	Agareso colabora activamente na organización dos premios Luceira
		Introducir dentro do Seminario de Xornalismo Social e Cooperación a Comunicación para o Desenvolvemento como eixo principal	A metade dos módulos teñen relación coa CpD
Sensibilización	Posicionarse como un referente en Cooperación e Comunicación en Pontevedra	Organizar o primeiro encontro sobre Cooperación no municipio de Pontevedra	Realizado o primeiro Encontro sobre Cooperación financiado polo Concello de Pontevedra
		Realizar o primeiro evento multiplicador do Erasmus + en Pontevedra	Realizado o primeiro evento multiplicador do Erasmus+ en Pontevedra
	Mellorar a cobertura xornalista de contidos sociais	Creación dunha web galega de contido social	Deseñada a estrutura e contidos da web
		Buscar financiamento para a posta en marcha da web	Chegar a acordos coas ONGD do sector para aporte de información sobre os proxectos
			Presentado un proxecto específico de web de contido solidario
		Achegar as desigualdades e a cooperación á cidadanía difundindo campañas de educación e comunicación para o desenvolvemento a través das canles de Agareso.	Difundidas tres campañas a través da web ou redes sociais.
			Participar nunha campaña doutra organización.
		Dar a coñecer a realidade dos países empobrecidos e colectivos en risco de	Exposicións e audiovisuais exhibidos en seis localizacións.

Ámbito	Obxectivo específico	Resultados	Indicadores
Sensibilización	Sensibilización da cidadanía fronte a pobreza e a exclusión para que participe na construción dunha sociedade máis xusta e igualitaria.	exclusión a través das exposicións e documentais elaborados por Agareso.	Producida unha nova exposición ou audiovisual.
		Aumentar a difusión dos proxectos propios de Agareso nos medios de comunicación e mellorar a consideración de Agareso como fonte de consulta e referencia no ámbito da solidariedade.	Aumentar un 20% os impactos en medios de comunicación.
		Mellorar a difusión da imaxe e obxectivos de Agareso mediante a edición de materiais informativos.	Publicados materiais informativos
		Organizar espazos de reflexión nos que participe o sector da cooperación, profesionais dos medios e público xeral.	Organizadas ou coorganizadas tres xornadas ás que asistan colectivos vulnerables ou cunha alta capacidade de réplica.
		Proporcionarlle ao sector xornalístico materiais que facilitan unha práctica favorecedora da inclusión e da equidade.	Difundidas entre profesionais e estudantes de comunicación guías e códigos éticos para informar correctamente sobre colectivos en risco de exclusión, países do Sur, pobreza, xénero, etc.
		Consolidar o comercio xusto, o consumo responsable e a economía solidaria na acción de Agareso.	Incorporados produtos de comercio xusto á clausura das actividades.
			Establecidos protocolos internos de sustentabilidade ambiental, aforro enerxético e compra responsable.
Decidida a posibilidade de operar a			

Ámbito	Obxectivo específico	Resultados	Indicadores		
Educación para o desenvolvemento	Formación sobre o desenvolvemento e divulgación nos ámbitos educativos da realidade dos países empobrecidos, da cooperación internacional e dos colectivos vulnerables.	Impartir formacións en distintos ámbitos a colectivos con posibilidade de multiplicación e outros a través de metodoloxías transformadoras.	través da banca ética.		
			Executado o primeiro proxecto en solitario de educación para o desenvolvemento sobre comunicación para o desenvolvemento.		
			Aprobados os tres proxectos de educación para o desenvolvemento.		
					Realizada unha xornada formativa para membros de Agareso e doutras organizacións.
			Incrementar o peso da comunicación para o desenvolvemento nos proxectos consorciados.	Aumentado o número de obradoiros executados por Agareso no proxecto 'O mundo que queremos'.	
				Incrementada a responsabilidade de execución económica e técnica de Agareso no proxecto 'O mundo que queremos'.	
			Difundir e promover o recoñecemento das boas prácticas sobre os proxectos de educación para o desenvolvemento especializados en comunicación	Publicada a guía do proxecto EpD_Lab.	
			Obtido un recoñecemento sobre as boas prácticas de educación para o desenvolvemento en comunicación.		
	Promoción de investigacións sobre o desenvolvemento e difusión dos resultados.	Apoiar a investigadoras/es nomeadamente das universidades galegas realizar e difundir estudos	Consolidada a participación na Rede Europa América Latina de Comunicación e Desenvolvemento		

Ámbito	Obxectivo específico	Resultados	Indicadores	
Educación para o desenvolvemento		realizados coa metodoloxía investigación-acción.	colaborando nun proxecto.	
			Apoiadas investigacións sobre cooperación, educación e comunicación para o desenvolvemento e difundidos os resultados.	
			Publicado un artigo académico sobre a experiencia de Agareso en educación e comunicación para o desenvolvemento.	
	Contribuír á incidencia e mobilización social a prol do desenvolvemento a través da participación en e o fomento de redes.	Estimular a conciencia crítica da sociedade a partir do traballo conxunto con outras ONG, asociacións, institucións, centros educativos e medios.		Incorporadas as organizacións da contorna no transcurso dos obradoiros educomunicativos.
				Asinado un novo convenio de colaboración.
		Potenciar a Coordinadora Galega de ONGD e a Coordinadora de ONGD-España participando nelas de xeito activo.		Propostas e executadas accións periódicas no marco da xunta directiva e das comisións da Coordinadora Galega de ONGD.
				Realizada unha acción en colaboración coa Coordinadora Estatal.
		Reforzar a participación de Agareso en redes locais, autonómicas, estatais,		Realizada unha acción no seo das distintas redes nas que participa.

Ámbito	Obxectivo específico	Resultados	Indicadores
		européas e iberoamericanas.	Iniciada a incorporación a unha nova plataforma.
		Intensificar a alianza cos parceiros no Sur mediante a súa presenza en actividades realizadas no Norte.	Integrados os proxectos realizados nos países empobrecidos nas actividades de educación para o desenvolvemento.
Cooperación Internacional	Ampliar o proxecto de radios comunitarias a toda Centroamérica	Incluír ás radios comunitarias centroamericanas no proxecto de El Salvador	Articúlase un proxecto centroamericano de radios comunitarias Aumenta de 1 a 4 o número de emisoras centroamericanas ás que formamos e fortalecemos
	Comezar a traballar nun segundo país de forma estable	Presentar polo menos 3 proxectos de Cooperación en 3 países distintos	Presentados 3 proxectos
	Introducir a compoñente de televisión comunitaria nos proxectos	Apoiar unha un proxecto de TV comunitaria	Colaborado cun proxecto que teña como eixo a ferramenta da TV

Ámbito	Obxectivo específico	Resultados	Indicadores
	<p>Atopar novos socios nos países do Sur que traballan a prol da Comunicación para o Desenvolvemento</p>	<p>Asinar acordos de colaboración con polo menos dous entidades que poidan ser contrapartes en proxectos de Cooperación, especializads na fomunicación</p>	<p>Convenios asinados con dous contrapartes expertas en Comunicación</p>

ÁREA DE ORGANIZACIÓN

Ámbito	Obxectivo xeral	Obxectivo específico	Indicadores
Pulo ao financiamento	Diversificar as vías de financiamento da organización	Incentivar a achega de doazóns entre socios/as e voluntarios/as.	Aumentadas nun 30 % as achegas de socios/as e voluntarios/as.
		Conseguir tres financiadores distintos para o 2016/17	Financiado un proxecto por unha administración local
			Financiado un proxecto por unha administración autonómica
			Financiado un proxecto por unha administración europea
		Consolidar e ampliar os cursos de formación pagados para xornalistas, estudantes ou integrantes doutras ONG. Realizar unha procura sistemática de novas fontes de financiación tanto públicas como privadas	Executar polo menos dous obradoiros pagados para integrantes doutras 2 organizacións do sector
Aumentar os fondos propios a través da contratación de servizos externos	Facturar polo menos 3 servizos externos de comunicación		
Profesionalización da área de xestión	Consolidar a profesionalización das áreas de xestión e de administración da ONGD.	Ampliar e mellorar a relación coas outras ONGD e institución de cooperación.	Elaborados informes, proxectos e avaliacións que cumpran con todos os requisitos da Cooperación Galega e Española.
		Fomentar a formación interna.	Realizada polo menos unha formación interna ao ano para o nosa XD e equipo técnico
		Manter os postos de traballo actuais e facelas contratacións estables	As catro persoas seguen contratadas a media xornada
			Conséguese facer contratos continuados

Ámbito	Obxectivo xeral	Obxectivo específico	Indicadores
Incremento e promoción da rede de voluntarios/as	Aumentar e potenciar a rede de voluntariado.	Incrementar o número de voluntarios/as que participan en proxectos.	Asignar polo menos un voluntario/a a cada un dos proxectos en execución
			Incrementado nun 30% os voluntarios/as activos/as.
		Levar a cabo un evento de celebración de aniversario na que poder xuntar ao maior número de voluntariado	Evento de celebración de aniversario levado a cabo coa asistencia a lo menos do 20% dos membros do voluntariado
		Continuar coa realización dun curso anual para todo o voluntariado sobre temática social.	Realizado o curso.
		Promover que os novos e novas voluntarios/as aumenten o seu compromiso facéndose socios/as	Dez voluntarios/as pasan a ser socios/as

RESPONSABILIDADE DA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA

A Xunta Directiva será responsable de nomear un encargado/a do cumprimento do presente plan. Dito/a encargado/a será un membro da Xunta Directiva que poderá e deberá solicitar ao equipo técnico a información e datos que estime necesarios.

AVALIACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO

O presente plan contará con unha avaliación final e unha avaliación intermedia tendo en conta a súa duración.

A avaliación, tanto intermedia como final, será encargada polo responsable da Xunta Directiva nomeado como responsable do Plan Estratégico sen perxuízo de que dita avaliación sexa realizada por persoal externo á organización.

A avaliación intermedia marcará a estratexia de continuación do plan no segundo ano.

A avaliación final terá como resultado os criterios para a redacción do seguinte Plan Estratégico establecendo identificación de melloras.

DURACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO

O presente plan terá unha duración de dous anos